

ción e Ordenación Universitaria de Ourense, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos o Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial; o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais; o Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995, que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPÓN:

Primeiro.-Suprimir unha unidade de educación primaria e autorizar a ampliación dunha unidade de educación especial (plurideficientes) no centro privado Vila do Arenteiro, do concello do Carballiño, a súa composición resultante queda como se reflicte no anexo desta orde.

Segundo.-Para a súa posta en funcionamento o departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Ourense, logo de informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia na unidade que se amplía.

Terceiro.-Este centro queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Esta orde, que esgota a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: Ourense.

Concello: O Carballiño.

Localidade: O Carballiño.

Enderezo: Os Corzos nº 6.

Denominación específica: centro privado Vila do Arenteiro.

Titular: *Vila do Arenteiro, Sociedad Cooperativa Limitada*.

Código do centro: 32016066.

-Composición resultante:

Educación infantil: 3 unidades.

Educación primaria: 6 unidades.

Educación secundaria obrigatoria: 4 unidades.

Educación especial: 3 unidades (2 psíquicos; 1 plurideficientes).

Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2009-2010.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás, persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional o de dar unha resposta puntual e axeitada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 5.1º que todas as persoas deben ter a posibilidade de se formar ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquiriren, actualizaren, completaren e ampliaren os seus coñecementos, así como as súas capacidades, habilidades, aptitudes e competencias, para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Ademais, o artigo 5.2º establece que o sistema educativo ten como principio propiciar a educación permanente. Para tal efecto, debe preparar o alumnado para aprender por si mesmo e débelle facilitar ás persoas adultas a súa incorporación ás ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe coas outras responsabilidades e actividades.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 5 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

adecuará as ensinanzas de formación profesional ás peculiaridades e características das persoas adultas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presenta a oferta de ciclos formativos polo réxime para as persoas adultas, de xeito parcial por módulos, consciente de que esta modalidade facilita a cualificación profesional, xa que ofrece a posibilidade de abordar a realización dun ciclo formativo en máis tempo e cun horario vespertino, e permite dar resposta ás demandas que suscitan o mercado laboral e os colectivos específicos. Para o realizar dun xeito máis áxil e eficaz, en función das necesidades que vaian xurdindo, é aconsellable que a autorización dos ciclos formativos por módulos soltos se realice con carácter anual para cada ano académico.

De acordo coas competencias que ten conferidas esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º

Actualizar a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, na modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2009-2010, segundo se relaciona no anexo desta orde, que serán cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 80% para gastos de funcionamento e de profesorado.

Artigo 2º

Exixir un mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de

Compostela e Vigo, e de seis solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos módulos formativos de grao medio ou superior. Un número menor de solicitudes precisa a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento esta ensinanza e, mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de alumnado débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa prescrición.

Artigo 3º

Nos ciclos LOXSE de 1.300 e 1.400 horas que neste curso académico pasan a 2.000 horas, só se poderá matricular o alumnado que estivese matriculado nalgún módulo destes ciclos no curso 2008-2009, e só se ofertarán este curso académico co fin de que o alumnado poida rematar o ciclo que estaba a cursar.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e a Secretaría Xeral para adoptaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Oferta por módulos autorizada para o curso 2009-2010

A Coruña

Oferta de ciclo completo (todos os módulos do ciclo).

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugo	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo
			ZM04001	Xestión administrativa
	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	ZS04001	Administración e finanzas
			ZS14001	Desenvolvemento de aplicacións informáticas
			ZS14002	Administración de sistemas informáticos
			ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	ZM20001	Atención sociosanitaria
			ZS19004	Documentación sanitaria
			ZS19005	Hixiene bucodental
			ZS19007	Laboratorio de diagnóstico clínico
			ZS20004	Interpretación da lingua de signos
			ZSSAN01	Audioloxía protésica
			ZM15001	Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble
	15024513	CIFP Someso	ZM16002	Electromecánica de vehículos
ZMFME02			Soldadura e caldeiraría	
ZS08001			Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	
Culleredo	15005749	IES Cruceiro Baleares	ZM17001	Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor
Ferrol	15006754	IES Marqués de Suanzes	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo
			ZMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			ZMFME02	Soldadura e caldeiraría
			ZSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica
	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	ZM04001	Xestión administrativa
			ZS04001	Administración e finanzas
			ZS14001	Desenvolvemento de aplicacións informáticas
			ZS14002	Administración de sistemas informáticos

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Santiago de Compostela	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	ZM07001	Laboratorio de imaxe
	15016000	CIFP Compostela	ZM20001	Atención sociosanitaria
			ZS11004	Restauración
	15021482	IES San Clemente	ZS14001	Desenvolvemento de aplicacións informáticas
			ZS14002	Administración de sistemas informáticos
	15023466	IES Lamas de Abade	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			ZMSAN01	Emerxencias sanitarias
	15027058	IES As Fontiñas	ZM04001	Xestión administrativa
			ZS04001	Administración e finanzas
ZS08002			Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	

Oferta parcial de módulos dun ciclo.

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos		
Bergondo	15001033	CFEA de Guísamo	ZM01002	Xardinaría	CM0009	Conservación e mellora de xardíns e zonas verdes		
					CM0019	Implantación de xardíns e zonas verdes		
					CM0023	Métodos de control fitosanitario		
					CM0028	Xardinaría de interiores e arranxos florais		
					CM0RET	Relacións no equipo de traballo		
			ZM01004	Explotacións agrícolas intensivas	CM0011	Cultivos frutícolas		
					CM0013	Cultivos horticolas		
					CM0023	Métodos de control fitosanitario		
Cariño	15021755	IES Cabo Ortegal	ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	MP0221	Montaxe e mantemento de equipamentos		
					MP0225	Redes locais		
					MP0230	Empresa e iniciativa emprendedora		
Coruña, A	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	ZM19002	Farmacia	CM0300	Dispensación e venda de produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos		
					CM0307	Promoción da saúde e apoio psicolóxico ás persoas		
					CM0FOL	Formación e orientación laboral		
					ZMSAN01	Emerxencias sanitarias	MP0053	Loxística sanitaria en emerxencias
							MP0054	Dotación sanitaria
							MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencias
					MP0057	Evacuación e traslado de pacientes		
					MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia		
					MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas		
					MP0062	Formación e orientación laboral		
			ZMSAN02	Farmacia e parafarmacia	MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas		
					MP0099	Disposición e venda de produtos		
					MP0103	Operacións básicas de laboratorio		
		MP106	Formación e orientación laboral					
		ZSSSC01	Educación infantil	MP0011	Didáctica da educación infantil			
				MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil			
				MP0014	Expresión e comunicación			
				MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor			
				MP0016	Desenvolvemento socioafectivo			
				MP0020	Primeiros auxilios			
				MP0021	Formación e orientación laboral			
	15024513	CIFP Someso	ZS08002	Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	CS0159	Ordenación urbana		
					CS0170	Traballo de campo e gabinete		
15027770	IES A Sardiñeira	ZSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade	MP0065	Mostraxe e preparación da mostra			
				MP0066	Análises químicas			
				MP0070	Ensaio microbiolóxicos			
				MP0074	Formación e orientación laboral			
15027800	IES Imaxe e Son	ZS07001	Realización de audiovisuais e espectáculos	CS0133	Montaxe, edición e posproducción de audiovisuais			
				CS0146	Realización en televisión			
		ZS07002	Produción de audiovisuais, radio e espectáculos	CS0135	Produción de cine e vídeo			
				CS0138	Produción de televisión			

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
			ZS07003	Imaxe	CS0118	Aplicacións fotográficas
					CS0131	Medios fotográficos e audiovisuais
					CS0141	Proxecto integrado
					CS0152	Xestión de calidade do procesamento e tratamento fotográfico e cinematográfico
			ZS07004	Son	CS0143	Radio
					CS0150	Son en producións audiovisuais
Ferrol	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	MP0221	Montaxe e mantemento de equipamentos
					MP0222	Sistemas operativos monoposto
					MP0223	Aplicacións ofimáticas
					MP0225	Redes locais
					MP0226	Seguridade informática
					MP0227	Servizos en rede
					MP0229	Formación e orientación laboral
					MP0230	Empresa e iniciativa emprendedora
Pontedeume	15025682	IES Fraga do Eume	ZMHOT01	Cociña e gastronomía	MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería
					MP0028	Sobremesas en restauración
					MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos
					MP0045	Ofertas gastronómicas
					MP0046	Preelaboración e conservación de alimentos
					MP0047	Técnicas culinarias
Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	ZSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade	MP0065	Mostraxe e preparación da mostra
					MP0066	Análises químicas
					MP0070	Ensaos microbiolóxicos
					MP0074	Formación e orientación laboral
	15016000	CIFP Compostela	ZMHOT01	Cociña e gastronomía	MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería
					MP0028	Sobremesas en restauración
					MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos
					MP0045	Ofertas gastronómicas
					MP0046	Preelaboración e conservación de alimentos
					MP0047	Técnicas culinarias
					MP0048	Produtos culinarios
					MP0049	Formación e orientación laboral
					MP0050	Empresa e iniciativa emprendedora
			ZMHOT02	Servizos en restauración	MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos
					MP0150	Operacións básicas en bar e cafetería
					MP0151	Operacións básicas en restaurante
					MP0155	Técnicas de comunicación en restauración
					MP0157	Formación e orientación laboral
	15023466	IES Lamas de Abade	ZM19002	Farmacia	CM0301	Elaboración de preparados farmacéuticos e parafarmacéuticos en establecementos de farmacia
					CM0306	Procedementos administrativos e de control de existencias en establecementos de farmacia
					CM0307	Promoción da saúde e apoio psicolóxico ás persoas
					CMOFOL	Formación e orientación laboral
			ZMSAN02	Farmacia e parafarmacia	MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas
					MP0101	Dispensación de produtos farmacéuticos
					MP0103	Operacións básicas de laboratorio
					MP0105	Promoción da saúde
					MP106	Formación e orientación laboral
	15032391	CIFP de Santiago	ZS15002	Produción de madeira e moble	CS0317	Acabamento industrial en carpintería e moble
					CS0321	Fabricación automatizada en industrias da madeira e o moble
					CS0325	Organización da produción en industrias da madeira e o moble
					CS0329	Proxecto integrado
					CS0332	Xestión da calidade en industrias da madeira e o moble
					CS0335	Xestión e control da produción en industrias da madeira e o moble
					CS0FOL	Formación e orientación laboral

Lugo

Oferta de ciclo completo (todos os módulos do ciclo).

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Lugo	27006516	IES Politécnico de Lugo	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			ZS19003	Dietética
	27006528	IES As Mercedes	ZM17001	Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor
	27015773	IES A Piringalla	ZM04001	Xestión administrativa
			ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
			ZS04001	Administración e finanzas
			ZS14001	Desenvolvemento de aplicacións informáticas
ZS14002	Administración de sistemas informáticos			
Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela	ZM06001	Comercio
			ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
			ZS04001	Administración e finanzas
Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga	ZM08001	Acabamentos de construción
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	ZM04001	Xestión administrativa

Oferta parcial de módulos dun ciclo.

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Chantada	27003175	IES Val do Asma	ZS04001	Administración e finanzas	CS0053	Administración pública
					CS0055	Auditoría
					CS0071	Xestión de aprovisionamento
					CS0073	Xestión financeira
					CS0FOL	Formación e orientación laboral
Foz	27020562	IES de Foz	ZMHOT01	Cociña e gastronomía	MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería
					MP0028	Sobremesas en restauración
					MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos
					MP0046	Preelaboración e conservación de alimentos
					MP0047	Técnicas culinarias
					MP0048	Produtos culinarios
					MP0049	Formación e orientación laboral
Lugo	27006516	IES Politécnico de Lugo	ZMSAN01	Emerxencias sanitarias	MP0053	Loxística sanitaria en emerxencias
					MP0059	Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles
					MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas
					MP0062	Formación e orientación laboral
					MP0063	Empresa e iniciativa emprendedora
	27015773	IES A Piringalla	ZM12002	Estética persoal decorativa	CM0179	Depilación mecánica e técnicas complementarias
					CM0182	Escultura de unllas e estética de mans e pés
					CM0188	Maquillaxe
					CM0199	Técnicas de hixiene facial e corporal
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	ZM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	CM0001	Actividades de uso público en espazos naturais
					CM0002	Agrotecnoloxía
					CM0020	Instalacións agrarias
					CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar
					CM0RET	Relacións no equipo de traballo
Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	ZM20001	Atención sociosanitaria	CM0357	Atención sanitaria
					CM0359	Atención e apoio psicosocial
					CM0361	Apoio domiciliario
					CM0362	Alimentación e nutrición familiar
					CM0363	Necesidades físicas e psicosociais de colectivos específicos
					CM0364	Comunicación alternativa
					CM0RET	Relacións no equipo de traballo
					ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos
			CS0172	Arquitectura de equipos e sistemas informáticos		
			CS0173	Calidade		
			CS0179	Desenvolvemento de sistemas de telecomunicación e informáticos		
			CS0196	Seguridade nas instalacións de telecomunicación e informática		
			CS0202	Sistemas de telefonía		
			CS0204	Sistemas operativos e linguaxes de programación		
			CS0205	Sistemas telemáticos		
CS0FOL	Formación e orientación laboral					
CSORCT	Relacións no contorno de traballo					

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
	27007259	IES Rfo Cabe	ZS11003	Información e comercialización turística	CS0248	Asistencia e guía de grupos
					CS0250	Deseño e comercialización de produtos turísticos locais e rexionais
					CS0255	Información turística en destino
					CS0256	Lingua estranxeira (inglés)
					CS0271	Segunda lingua estranxeira
Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CSAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
					CS0173	Calidade
					CS0FOL	Formación e orientación laboral
					CS0196	Seguridade nas instalacións de telecomunicación e informática
					CS0204	Sistemas operativos e linguaxes de programación
					CS0205	Sistemas telemáticos

Ourense

Oferta de ciclo completo (todos os módulos do ciclo).

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Barco de Valdeorras, O	32001725	IES Lauro Olmo	ZM20001	Atención sociosanitaria
Ourense	32015050	CIFP A Farixa	ZS07002	Produción de audiovisuais, radio e espectáculos
			ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos
	32016765	IES Portovello	ZS04001	Administración e finanzas
			ZSSSC01	Educación infantil
Vilamarín	32016285	IES de Vilamarín	ZMHOT01	Cociña e gastronomía

Oferta parcial de módulos dun ciclo.

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos			
Ourense	32008902	IES A Carballeira	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	CM0305	Operacións administrativas e documentación sanitaria			
					CM0310	Técnicas básicas de enfermaría			
					CMOFOL	Formación e orientación laboral			
					CMORET	Relacións no equipo de traballo			
					ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes			
								MPO221	Montaxe e mantemento de equipamentos
								MPO225	Redes locais
								MPO226	Seguridade informática
								MPO227	Servizos en rede
								MPO228	Aplicacións web
					MPO229	Formación e orientación laboral			
					MPO230	Empresa e iniciativa emprendedora			
			ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0304	Desenvolvemento de funcións no sistema informático			
					CS0308	Fundamentos de programación			
					CS0312	Proxecto integrado			
					CS0313	Redes de área local			
					CS0316	Sistemas xestores de base de datos			
					CS0FOL	Formación e orientación laboral			
	32015050	CIFP A Farixa	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0125	Electrónica xeral			
					CM0132	Instalacións básicas			
					CM0138	Sistemas electrónicos de información			
					CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa			
					ZS08001	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción			
					CS0158	Normas e proxectos de construción			
					CS0169	Representacións de construcións			
	32020744	CIFP Santa María de Europa	ZS15001	Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble	CSAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa			
					CS0319	Definición de produto en carpintería e moble			
					CS0320	Desenvolvemento de produto en carpintería e moble			

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Viana do Bolo	32016777	IES Carlos Casares	ZM20001	Atención sociosanitaria	CM0356	Planificación e control das intervencións
					CM0363	Necesidades físicas e psicosociais de colectivos específicos
					CM0364	Comunicación alternativa
					CMORET	Relacións no equipo de traballo
Vilamarín	32016285	IES de Vilamarín	ZM01002	Xardinaría	CM0009	Conservación e mellora de xardíns e zonas verdes
					CM0019	Implantación de xardíns e zonas verdes
					CM0020	Instalacións agrarias
					CM0023	Métodos de control fitosanitario
					CM0025	Produción de plantas
					CM0028	Xardinaría de interiores e arranxos florais
					CMOFOL	Formación e orientación laboral
CMORET	Relacións no equipo de traballo					

Pontevedra

Oferta de ciclo completo (todos os módulos do ciclo).

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Marín	36015159	IES Chan do Monte	ZS14002	Administración de sistemas informáticos
Nigrán	36015184	IES Escolas Proval	ZM04001	Xestión administrativa
			ZM09001	Equipos electrónicos de consumo
Pontevedra	36006730	IES Frei Martín Sarmiento	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			ZS19007	Laboratorio de diagnóstico clínico
	36014489	IES A Xunqueira	ZM15001	Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble
			ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos
			ZS15002	Produción de madeira e moble
	ZSTMV01	Automoción		
	36018677	IES Luís Seoane	ZM04001	Xestión administrativa
ZS04001			Administración e finanzas	
Vigo	36011579	IES A Gufa	ZS06003	Xestión do transporte
	36011634	IES Politécnico de Vigo	ZMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			ZMFME01	Mecanizado
			ZS08001	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
			ZS08002	Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas
			ZS09001	Instalacións electrotécnicas
			ZS09003	Sistemas de regulación e control automáticos
	36013448	IES Manuel Antonio	ZMHOT01	Cociña e gastronomía
			ZS19007	Laboratorio de diagnóstico clínico
			ZSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade
	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	ZM16002	Electromecánica de vehículos
			ZM17001	Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor
		36017430	IES Ricardo Mella	ZMFME02
ZSTMV01				Automoción
ZM04001				Xestión administrativa
36018173		IES de Teis	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo
			ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			ZS04001	Administración e finanzas
			ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos
			ZM12002	Estética persoal decorativa
			ZM12003	Perrucaría
			ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
ZS12001		Asesoría de imaxe persoal		
ZS12002		Estética		
36024525		CIFP de Coia	ZS14001	Desenvolvemento de aplicacións informáticas
	ZS14002		Administración de sistemas informáticos	
			ZS17002	Mantemento de equipo industrial

Oferta parcial de módulos dun ciclo.

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Cangas	36019475	IES de Rodeira	ZS04001	Administración e finanzas	CS0054	Aplicacións informáticas e operatoria de teclados
					CS0057	Contabilidade e fiscalidade
					CS0064	Produtos e servizos financeiros e de seguros
					CS0068	Recursos humanos
					CS0070	Xestión comercial e servizos de atención ao cliente
					CS0071	Xestión de aprovisionamento
					CS0073	Xestión financeira

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
			ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0304	Desenvolvemento de funcións no sistema informático
					CS0308	Fundamentos de programación
					CS0309	Implantación de aplicacións informáticas de xestión
					CS0312	Proxecto integrado
					CS0314	Sistemas informáticos monousuario e multiusuario
Marín	36015159	IES Chan do Monte	ZM04001	Xestión administrativa	CM0062	Aplicacións informáticas
					CM0064	Contabilidade xeral e tesouraría
					CM0068	Xestión administrativa de compravenda
					CMOFOL	Formación e orientación laboral
Pontevedra	36006730	IES Frei Martín Sarmiento	ZM12003	Perrucaría	CM0173	Anatomía e fisioloxía humanas básicas
					CM0174	Cambios de cor no cabelo
					CM0176	Corte de cabelo e técnicas complementarias
					CM0192	Peiteados, acabados e recollidos
					CM0197	Tratamentos capilares
					CM0198	Técnicas básicas de manicura e pedicura
					CMOFOL	Formación e orientación laboral
					CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
Redondela	36019566	IES de Chapela	ZM20001	Atención sociosanitaria	CM0356	Planificación e control das intervencións
					CM0362	Alimentación e nutrición familiar
					CM0363	Necesidades físicas e psicosociais de colectivos específicos
					CMOFOL	Formación e orientación laboral
					CMORET	Relacións no equipo de traballo
			ZS19003	Dietética	CS0446	Control alimentario
					CS0452	Dietoterapia
					CS0453	Educación sanitaria e promoción da saúde
					CS0478	Microbioloxía e hixiene alimentaria
					CS0497	Proxecto integrado
					CS0630	Organización e xestión da área de traballo asignada na unidade/gabinete de dietética
					CSORCT	Relacións no contorno de traballo
			ZSSSC01	Educación infantil	MP0012	Autonomía personal e saúde infantil
					MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía
					MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor
					MP0022	Empresa e iniciativa emprendedora
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	ZM04001	Xestión administrativa	CM0064	Contabilidade xeral e tesouraría
					CM0068	Xestión administrativa de compravenda
					CMOFOL	Formación e orientación laboral
			ZS04001	Administración e finanzas	CS0054	Aplicacións informáticas e operatoria de teclados
					CS0071	Xestión de aprovisionamento
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	ZMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	MP0232	Automatismos industriais
					MP0235	Instalacións eléctricas interiores
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	ZMHOT02	Servizos en restauración	MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos
					MP0151	Operacións básicas en restaurante
					MP0153	Servizos en restaurante e eventos especiais
					MP0155	Técnicas de comunicación en restauración
					MP0156	Inglés
	36017430	IES Ricardo Mella	ZMSAN01	Emerxencias sanitarias	MP0054	Dotación sanitaria
					MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencias
					MP0056	Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia
					MP0057	Evacuación e traslado de pacientes
					MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia
					MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas
					MP0063	Empresa e iniciativa emprendedora
	36024461	IES Audiovisual de Vigo	ZS07002	Produción de audiovisuais, radio e espectáculos	CS0129	Linguaxes audiovisuais e escénicas
					CS0136	Produción de espectáculos
					CS0138	Produción de televisión
					CS0140	Proxecto integrado

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0122	Calidade
					CM0124	Electrónica dixital e microprogramable
					CM0125	Electrónica xeral
					CM0127	Equipos de son
					CM0128	Equipos microinformáticos e terminais de telecomunicación
					CM0132	Instalacións básicas
	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	ZM04001	Xestión administrativa	CM0064	Contabilidade xeral e tesouraría
					CM0067	Produtos e servizos financeiros e de seguros básicos
					CM0068	Xestión administrativa de compravenda
					CM0069	Xestión administrativa de persoal
			ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0304	Desenvolvemento de funcións no sistema informático
					CS0312	Proxecto integrado
					CS0316	Sistemas xestores de base de datos

Resolución do 17 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o alumnado con 18 anos cumpridos cun máximo de cinco materias da etapa non superadas.

O Decreto 133/2007, do 15 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2.º que esta etapa comprende catro cursos académicos, que se seguirán ordinariamente entre os doce e os dezaseis anos. No punto 4º do mesmo artigo establece que o alumnado terá dereito, con carácter xeral, a permanecer escolarizado en réxime ordinario cursando esta etapa educativa ata os 18 anos cumpridos no ano en que finalice o curso académico.

Así mesmo, o artigo 17 do citado decreto establece as condicións que deben darse para que o alumnado obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. O punto 5º do devandito artigo determina que o alumnado con dezaioito anos cumpridos que non obtivese o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e non teña avaliación negativa en máis de cinco materias disporá, durante os dous anos inmediatamente seguintes ao final da súa escolarización, dunha convocatoria anual de probas para superar as materias pendentes de avaliación positiva.

A Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 7.5º, recolle os mesmos termos que o decreto anteriormente mencionado, así como que esta convocatoria terá lugar no mes de xuño e que será

incompatible con estar cursando as ensinanzas para persoas adultas ou coa presentación ás probas libres para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria previstas na Lei orgánica de educación.

Esta resolución regula as condicións en que deben realizarse as probas anuais para que o alumnado previsto no artigo 17.5º do citado Decreto 133/2007, do 15 de xullo, poda obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Por todo iso, e en virtude das facultades que confire a disposición derradeira primeira da Orde do 21 de decembro de 2007, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta resolución ten por obxecto regular a convocatoria das probas anuais para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o alumnado que conte cun máximo de cinco materias da etapa pendentes de cualificación positiva.

2. Esta resolución será de aplicación en todos os centros docentes do ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.-Requisitos para acceder ás probas.

Poderá acceder a estas probas o alumnado que tras finalizar a educación secundaria obrigatoria non obteña o título correspondente e reúna os seguintes requisitos:

a) Ter dezaioito anos.